Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: O cabalo do carteiro de Lagoa [AT-1889P: Horse Repaired]

Houbo un carteiro en Lagoa, parroquia do concello de A Pastoriza (Lugo), que era amigo do viño e entretíñase con frecuencia nas tabernas.

Unha vez botóuselle a noite enriba e cando pasaba dacabalo polo Alto da Corda de volta para a casa deu en tronar e lostregar. Caían uns raios de medo. O cabalo parou de repente:

-¿Que carafio pasa? ¡Arre, cabalo!

Nada; o cabalo non se movía. Desmontou e, ¿que pasara?; un raio cortáralle a cabeza ao cabalo polo pescozo e tíñaa tirada no chan.

Vai o home, colle a cabeza do cabalo e colócoulla no seu sitio. Montou e seguiu camiño de Lagoa coma se nada.

Cando chegou á casa, daquela non había luz, quixo meter o cabalo na corte pero o cabalo non entraba. Tiráballe do ramal:

-¡Arre, cabalo!

Pero non había maneira, o cabalo non entraba. Empurrábao e tampouco entraba na corte.

Pero a muller, atendendo aos berros e xuramentos do home, saíu e viu deseguida o que pasaba. Pois que o carteiro puxéralle a cabeza ao cabalo do revés, co fuciño mirando para riba e tropezaba no cargadoiro da porta.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira:Transcrición da versión oral de PLÁCIDO MORADO RIVAS, Abesada, Abeledo, Abadín (Lugo).

Bibliografía:

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», en Croa, nº 8, 1998, pp. 42-63.